



### CONCELLOS

#### ABADÍN

##### *Anuncio*

Por Xunta de Goberno Local de data 29 de xuño de 2017, aprobouse o Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia correspondente ao mes de NOVIEMBRE de 2016; o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, a 5 de xullo de 2017.- O Alcalde, José María López Rancaño

R. 2115

#### CERVO

##### *Anuncio*

Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ó exercicio orzamentario de 2017 cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as Regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 10 de xullo, exponse ó público, xunto cos documentos que a xustifican na Intervención desta entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo e oito días máis os interesados lexitimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cervo, 10 de xullo de 2017.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2116

#### LUGO

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 5 de xullo de 2017, aprobou a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO. EXPDTE REF: 12-2017.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

##### 1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

##### c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** [www.contratacion@concellodelugo.org](mailto:www.contratacion@concellodelugo.org)
7. **Dirección internet:** [www.Lugo.gal](http://www.Lugo.gal) (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**d) Número de expediente:** 12/2017

## **2.- Obxecto do contrato.**

**a) Tipo de contrato:** servizos

**b) Descrición:** A realización dos servizos de prevención e control da lexiónelose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo.

**c) División por lotes:** NON

**d) Prazo de duración/ Prazo de execución:** DOUS ANOS.

**e) Admisión de prórroga:** SI

**f) Establecemento de acordo marco:**NON

**g) CPV :** CPV.- 74721000-9 Servizos de desinfección e exterminio.

74721100-0 Servizos de desinfección.

74721200-1 Servizos de control de pragas.

74721210-4 Servizos de desratización.

## **3.- Tramitación e procedemento:**

**a) Tramitación:** ordinario

**b) Procedemento:** aberto

**c) Criterios de adxudicación:** Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

**4.- Valor estimado do contrato:** 163.636,36 euros.

## **5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)**

O presuposto do contrato para a primeira anualidade (prezo de licitación) é de 40,909,09 euros máis o IVE (10%) -4.090,91 euros- resultando un total de 45.000 euros IVE incluído.

## **6.- Garantías:**

**a) Provisional:** NON procede

**b) Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

## **7.- Requisitos específicos do contratista.**

**a) Solvencia:** A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

**b) Clasificación:**NON

**c) Outros requisitos:** ver cláusula sexta do prego

## **8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:**

**a) Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogase ata o seguinte día hábil

**b) Modalidade de presentación:** formato papel.

**c) Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Dirección electrónica:** [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal) (Perfil do contratante)

**d) Admisión de variantes:**NON

**e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

**9.- Apertura das ofertas.****a) Entidade:** Concello de Lugo**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)**c) Localidade:** Lugo**d) Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións as 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.**10.- Gastos dos anuncios:** 73,58 euros que serán por conta do adxudicatario.**11.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.**12.- Obrigas contractuais esenciais.** Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas na cláusula décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 11 de xullo de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2117

**SAMOS***Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 06/07/2017, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a XUÑO de 2017, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

\*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

\*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, A 6 de xullo de 2017.- ALCALDE PRESIDENTE: JULIO GALLEGO MOURE.

R. 2107

**VILALBA***Anuncio*

**“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) CURSO 2017/2018. Aprobadas na Xunta de Goberno Local de 19 xuño de 2017.**

Faise público que as bases aprobadas polo Concello de Vilalba en Xunta de Goberno Local para a adquisición de Material Escolar de Educación Infantil (3-6 anos) para o curso 2017-2018 foron modificadas e aprobadas en Xunta de Goberno Local de 4 de xullo de 2017, a raíz da publicación da Lei 3/2017 do 27 de xuño de